



CIRCULAR INFORMATIVA 8/2025

INFORMACIÓN SOBRE ACORDOS TOMADOS NAS XUNTAS DE GOBERNO

A Xunta de Goberno, na sesión do 06.05.2025, tomou o acordo de que a partir de agora se informará por medio de circular informativa a todos os Colexiados e Colexiadas dos asuntos tratados nas súas xuntas, así como dos acordos adoptados.

En cumprimento do anterior acordo, pasamos a informaros dos asuntos e acordos tomados nesta pasada xunta.

Xunta de goberno do 06.05.2025

1. **Altas e baixas de Colexiación.** Aprobouse a alta de dous novos Colexiados/as e dous cambios de exercentes a non exercentes, así como a baixa dun Colexiado non exercente.
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 41 informes de honorarios para taxacións de custas, polo que no que vai de ano xa levamos emitidos 230 informes.
3. **Declaracións da quenda.** Acordouse que a partir do 01.07.2025 as declaracións trimestrais da quenda de oficio unicamente se poderán presentar a través do programa Colaboweb para evitar duplicados nas declaracións (enviarase unha nota informativa sobre este acordo).
4. **Prazos de presentación das declaracións.** Acordouse reiterar aos letrados/as do servizo de asistencia a persoas detidas e quenda de oficio que se intente realizar as declaracións das actuacións o antes posible durante o trimestre e non agardar aos últimos días. Esta presentación nos últimos días por parte da maioría dos letrados comporta un atraso considerable na xestión das certificacións e das listaxes que o Colexio debe remitir á Xunta de Galicia, o que tamén provoca que esta última realice máis tarde os pagamentos.
5. **Correo electrónico ICA Santiago.** En setembro de 2025 remata o contrato que o CGAE ten subscrito para a prestación do servizo de correo electrónico Office 365, polo que a partir dese momento as contas de correo electrónico corporativo pasarán a ter un custo para o Colexiado/a de 16 a 25 euros anuais. A Xunta de Goberno acordou abrir un prazo para que os Colexiados/as que teñan interese en seguir coa conta de correo icasantiago.org o soliciten por escrito (enviarase unha circular informativa co detalle deste acordo e o formulario de solicitude).
6. **Rexistros de persoas mediadoras e conciliadoras.** Logo de ver as solicitudes de incorporación aos rexistros de persoas mediadoras e conciliadoras e tras comprobar que, salvo dúas, todas as demais persoas cumprían os requisitos esixidos, acordouse crear os rexistros de persoas mediadoras (31 inscricións) e conciliadoras (82 inscricións). Proximamente serán publicados na páxina web.
7. **Contratación dunha traballadora para o departamento de contabilidade.** Debido á baixa laboral dunha traballadora e logo de levar a cabo un proceso de selección, acordouse contratar unha empregada para cubrir a baixa temporal (contrato temporal de substitución da baixa).
8. **Dilixencias de información previa.** Na xunta deuse conta de cinco expedientes de dilixencias de información previa a partir de queixas presentadas contra avogados/as. Destes cinco expedientes, acordouse o arquivo de tres queixas e a apertura de dous expedientes disciplinarios.



CIRCULAR INFORMATIVA 8/2025

9. **Convenio de colaboración con ASNALA.** Acordouse a subscrición dun convenio de colaboración coa Asociación de Abogados Laboralistas en materia de formación.
10. **Outros escritos de colexiados/as e da cidadanía.** Tomáronse acordos en relación con diversos escritos ou solicitudes formuladas por colexiados/as e pola cidadanía, entre os que se atopa o escrito dos letrados da lista de garda de violencia de xénero de Arzúa, a solicitude dun xulgado de Santiago para se designe un administrador concursal ante a renuncia dos catro anteriormente designados polo xulgado.
11. **Xulgado de Negreira.** Tamén se tratou na xunta a problemática existente no Xulgado de Negreira en relación coas atrasos e o seu funcionamento.